

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de  
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a  
responder:*

**Nome e apelidos**

*Nome e apelidos*

**DNI:**

**Sinatura:**

*Firma:*

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude  
Profesional (CAP)**


**Mercadorías**

**08/09/2021**

**16:30 H**

**-GALEGO-**

**MODELO A**



**Dele la vuelta al cuaderno  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

## 1. Cal destas afirmacións non é correcta?

- a) Os transportistas autónomos traballan maioritariamente para empresas máis grandes.
- b) As empresas grandes adoitan usar a subcontratación doutras de menor dimensión para complementar a súa capacidade de carga.
- c) Unha boa xestión comercial diminúe os ingresos por vehículo e por quilómetro percorrido, reducindo os percorridos en baleiro.
- d) A capacidade comercial é decisiva para a rendibilidade da empresa de transporte, dada a súa influencia sobre a produtividade.

## 2. A carga útil que pode transportar un camión é o resultado de:

- a) restar a tara da MMA.
- b) restar o peso en baleiro á tara.
- c) restar a MMA da tara.
- d) sumar a MMA á tara.

## 3. Non é un custo ambiental derivado do transporte:

- a) o consumo de enerxía.
- b) a emisión de gases nocivos á atmosfera.
- c) a contaminación acústica.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

## 4. No caso de transporte privado complementario de mercadorías en España:

- a) a empresa debe dedicarse á actividade principal de transporte de mercadorías.
- b) as mercadorías terán a súa orixe ou destino nun lugar no que a empresa desenvolver traballos relacionados coa súa actividade principal.
- c) o condutor debe estar integrado na organización da empresa.
- d) As respostas B e C son correctas.

## 5. Segundo o acordo ATP, os vehículos de temperatura controlada deben ir identificados con:

- a) uns números.
- b) unhas letras.
- c) uns números e unhas letras.
- d) uns números e unhas cores.

## 6. Se se aumenta a altura da carga, o centro de gravidade do camión:

- a) desprázase cara arriba.
- b) mantense no mesmo punto.
- c) desprázase cara atrás.
- d) desprázase cara abaixo.

## 7. Unha vez que un vehículo cisterna que transportou mercadorías perigosas está baleiro:

- a) considérase que xa non efectúa ningún transporte.
- b) debe levar unha carta de porte coa indicación "vehículo cisterna baleiro".
- c) considérase que transporta unha cantidade residual de mercadoría exenta de cumprir o ADR.
- d) non pode circular ata que non sexa sometido á limpeza regulamentaria.

## 8. Como se denomina un dos efectos que provoca a resistencia do aire e que fai que o camión teña que realizar un esforzo para avanzar?

- a) Desprazamento de masas transversais.
- b) Turbulencias.
- c) Abalo do motor.
- d) Desprazamento do centro de gravidade.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

## 9. Que é un vehículo articulado?

- a) É o grupo de vehículos constituído por un automóbil e un remolque que circula como unha unidade.
- b) É un tractor cun tamaño adecuado a espazos reducidos.
- c) É o automóbil constituído por un vehículo de motor axustado a un semirremolque.
- d) É o vehículo concibido e construído para circular arrastrado por un vehículo de motor.

## 10. Das seguintes forzas, cal intervén no movemento dun camión?

- a) A forza de hipótese.
- b) A forza electromagnética.
- c) A forza de compresión.
- d) A forza motriz.

## 11. O sistema de transporte intermodal ROLL/ON-ROLL/OFF é un transporte:

- a) estrada/barco.
- b) estrada/ferrocarril.
- c) estrada/avión.
- d) tren/avión.

## 12. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras FRC?

- a) Un vehículo refrixerante reforzado da clase C.
- b) Un vehículo frigorífico normal da clase C.
- c) Un vehículo isoterma reforzado C.
- d) Un vehículo frigorífico reforzado da clase C.

## 13. Unha cisterna construída con paredes illantes que permiten limitar os intercambios de calor entre o interior e o exterior é unha cisterna...

- a) calorífica.
- b) isoterma.
- c) frigorífica.
- d) refrixerante.

## 14. Cal é o vehículo característico das mudanzas?

- a) Vehículo gaiola.
- b) Portavehículos.
- c) Capitoné.
- d) Portacontedores.

## 15. Como se denomina o tipo de vehículo para o transporte de líquidos e gases inflamables (cisternas)?

- a) EX/III.
- b) OX.
- c) AD.
- d) FL.

## 16. É obrigatorio o certificado de arrumazón para os contedores?

- a) Non é obrigatorio para as cisternas portátiles, os contedores cisterna, nin os CGEM.
- b) Só para as cisternas portátiles.
- c) Si, pero só para a contedores cisterna.
- d) Si, pero só para os CGEM.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**17. Segundo as instrucións escritas, que acción, en caso de accidente ou emerxencia, non é correcta?**

- a) Evitar fontes de ignición.
- b) Informar os servizos de emerxencia.
- c) Os membros da tripulación tratarán rapidamente os incendios nos compartimentos de carga.
- d) Manter os documentos de transporte a disposición para os receptores á chegada.

**18. Nun transporte de mercadorías perigosas, quen está obrigado a colocar os paneis adecuados no vehículo?**

- a) O fabricante.
- b) O transportista.
- c) O expedidor.
- d) O cargador.

**19. Que factores interveñen para producir a resistencia á pendente?**

- a) O grao da pendente e a masa total do camión.
- b) O grao da pendente e a climatoloxía.
- c) O firme da pendente e o volume da carga.
- d) A forza de tracción.

**20. Que MMA non pode superar un vehículo de transporte de mercadorías rixido de 4 eixos?**

- a) 30 toneladas.
- b) De 33 a 35 toneladas, dependendo do equipamento que leve.
- c) 36 toneladas.
- d) 31 ou 32 toneladas se cumpre certas características.

**21. Cal será o número mínimo de socios para formar unha cooperativa de primeiro grao?**

- a) Tres.
- b) Catro.
- c) Cinco.
- d) Seis.

**22. Para o transporte de equipaxe nun remolque, arrastrado por un autobús, é necesaria unha autorización administrativa de transporte de mercadorías?**

- a) Si.
- b) Só para transportes internacionais.
- c) Non.
- d) Só se o vehículo de arrastre ten unha MMA superior a 6,5 t.

**23. Que son transportes de cargas fraccionadas?**

- a) Aqueles que se compoñen de dez ou máis vultos.
- b) Aqueles en cuxa descarga intervén máis dunha persoa.
- c) Aqueles que para a súa realización precisan de actividades previas ou complementarias de manipulación, clasificación ou outras.
- d) Todas as cargas son fraccionadas.

**24. Cal é a masa máxima autorizada do conxunto?**

- a) É a suma das masas do vehículo de motor cargado e do remolque arrastrado cargado para a súa utilización polas vías públicas.
- b) É a composta de restar da masa do vehículo de motor a do remolque.
- c) É a suma das masas máximas autorizadas do vehículo de motor e do remolque.
- d) É a suma das masas máximas autorizadas dos dous vehículos de motor.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**25. A clasificación dos transportes de mercadorías por estrada en interiores e internacionais é unha clasificación en función de:**

- a) o seu obxecto.
- b) o seu ámbito.
- c) a súa natureza.
- d) o seu réxime xurídico.

**26. Para conducir un camión cuxa MMA sexa de 6.000 kgs, que permiso de condución necesítase?.**

- a) Os permisos C1 ou D1 indistintamente.
- b) O permiso de clase B.
- c) O permiso de clase C.
- d) O permiso de clase BTP.

**27. Que significa a sigla "PAS" en relación coa actuación ante o incendio dun vehículo?**

- a) Parar, apagar e sufocar.
- b) Protexer, alertar e socorrer
- c) Parar, avisar e socorrer.
- d) Protexer, avisar e sinalizar.

**28. Nun tacógrafo dixital, cando o vehículo estea en movemento, que actividade seleccionará o aparello automaticamente para o segundo condutor?**

- a) Outros traballos.
- b) Condución.
- c) Descanso.
- d) Disponibilidade.

**29. Como medida de prevención de riscos para o condutor, é importante que o respaldo do seu asento no vehículo:**

- a) sexa moi abrandado.
- b) cubra completamente as costas.
- c) sexa de material transpirable.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**30. O aparello de control (tacógrafo dixital) cambiará de modo de funcionamento atendendo a:**

- a) as tarxetas de tacógrafo válidas que se insiran nos dispositivos de interface.
- b) as indicacións do controlador.
- c) as interaccións do técnico do taller.
- d) a marcha do vehículo.

**31. O consumo de alcol, pode provocar alteración no tempo de reacción e na atención?**

- a) Non.
- b) Soamente inflúe no tempo de reacción.
- c) Soamente inflúe na atención.
- d) Si.

**32. O funcionamento do motor implica un consumo de carburante que é función das resistencias que debe vencer o vehículo. Cal dos seguintes factores non está directamente relacionado con estas resistencias?**

- a) O coeficiente de rozamento do asfalto.
- b) O vento frontal.
- c) O tipo de material empregado no motor.
- d) A pendente da estrada.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**33. Os transportes efectuados mediante vehículos que se sometan a probas en estradas e vehículos novos ou transformados que aínda non se puxeron en circulación:**

- a) deben usar un tacógrafo non activado.
- b) están exentos de uso de tacógrafo.
- c) deben usar un tacógrafo non calibrado.
- d) están obrigados ao uso dun tacógrafo especial.

**34. É necesario substituír o filtro de aceite do sistema de lubricación?**

- a) Sí, cada vez que se repón aceite.
- b) Sí, xa que se pode chegar a obstruír.
- c) Non, xa que se limpa por si só.
- d) Non, xa que se podería provocar a diminución da viscosidade do aceite.

**35. É necesario refrixerar o aceite do sistema de lubricación dun motor de combustión?**

- a) Si, xa que de non facelo perdería as súas calidades lubricantes.
- b) Si, xa que de non facelo aumentaría a súa viscosidade.
- c) Si, xa que de non facelo veríase diminuída a súa densidade.
- d) Non, non é necesario.

**36. Os accidentes in itinere son aqueles que...**

- a) causan enfermidades cerebrais.
- b) producen a morte.
- c) ocorren nos desprazamentos de ida e volta ao lugar de traballo.
- d) causan lesións de columna.

**37. Cales son os factores que con máis frecuencia concorren nos accidentes de tráfico nos que ven implicados camións e autobuses?**

- a) O mal funcionamento do motor.
- b) As condicións climatolóxicas.
- c) A distracción.
- d) Os adiantamentos inadecuados.

**38. Das seguintes respostas, sinala a que non estea relacionada coa Ergonomía:**

- a) Espazo e medios de traballo.
- b) Posturas.
- c) Movementos.
- d) Ganancias monetarias.

**39. Están as empresas obrigadas a realizar controis aos seus traballadores en materia de tempos de condución e descanso?**

- a) Só en épocas de moito traballo.
- b) Si, pero só a traballadores de transporte internacional.
- c) Si, para asegurarse que cumpren coa normativa vixente.
- d) Non, nunca.

**40. Pódese saber se un aparello de control está homologado?**

- a) Non se pode saber.
- b) Si, debe ter unha marca de homologación.
- c) Non, debido a que non é necesario que estea homologado.
- d) Si, pero só se se leva a un taller.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**41. Se polo tubo de escape dun vehículo pesado sae fume moi negro é por mor de que está sucio:**

- a) o filtro do aire.
- b) o filtro de gasoil.
- c) o filtro de gasolina.
- d) o filtro de aceite.

**42. Que elementos forman a parte metálica dunha roda?**

- a) A cuberta e a cámara.
- b) O cubo, o disco e a lamia.
- c) A cuberta e a lamia.
- d) O cubo, a cuberta e a lamia.

**43. Nun tacógrafo dixital, cando se presenta a solicitude de renovación da tarxeta de condutor:**

- a) é necesario personarse na oficina para solicitala e para recollela.
- b) pódese elixir entre recollela na oficina ou recibila no domicilio.
- c) pódese elixir recibila por fax.
- d) é obrigatorio que cha envíen cun mensaxeiro.

**44. A Lei en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario regula:**

- a) a tarxeta de inspección técnica.
- b) o tamaño das empresas.
- c) as autorizacións específicas comunitarias.
- d) as infraccións derivadas do incumprimento das normas establecidas e as sancións aplicables ás mesmas.

**45. A seguridade pasiva actúa...**

- a) automaticamente se hai pasividade.
- b) actúa automaticamente en todo momento.
- c) automaticamente se se produce o suceso que inicie o seu funcionamento.
- d) A seguridade pasiva nunca actúa automaticamente.

**46. Ante unha situación de emerxencia, cal non debería ser un dos obxectivos principais das actuacións do condutor?**

- a) A preservación do vehículo e da carga.
- b) A seguridade dos pasaxeiros.
- c) A seguridade do tráfico.
- d) A comunicación cos servizos de emerxencia.

**47. Cal é a finalidade do grupo cónico do sistema de transmisión?**

- a) Producir unha mutiplicación constante do eixo secundario da caixa de velocidades.
- b) Transformar o movemento de xiro transversal da árbore de transmisión en xiro lonxitudinal ao vehículo.
- c) Producir unha mutiplicación constante do cigüeñal.
- d) Transformar o movemento de xiro lonxitudinal da árbore de transmisión en xiro transversal ao vehículo.

**48. Cando se fala de "par en roda" faise referencia ao esforzo de xiro...**

- a) que aplica o pistón sobre o cigüeñal.
- b) que aplica o pistón sobre a biela.
- c) que chega ás rodas motrices.
- d) que aplica o piñón de ataque de árbore de transmisión sobre a coroa dentada do grupo cónico.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**49. Se os segmentos do pistón dun motor de combustión están desgastados...**

- a) impediríase a saída dos gases queimados da cámara de compresión.
- b) aumentaría o consumo de aceite.
- c) reduciríase o consumo de aceite.
- d) reduciríase a formación de carbonilla na cámara de compresión.

**50. Nun motor diésel sobrealimentado, que consegue un mecanismo intercambiador de calor ou intercooler?**

- a) Quentar o aire da admisión para mellorar a combustión do gasóleo.
- b) Unha mellor lubricación do mecanismo do turbocompresor.
- c) Diminuír as revolucións por minuto do turbocompresor.
- d) Arrefriar o aire da admisión.

**51. En que momento da condución requírese unha maior concentración?**

- a) En condicións meteorolóxicas favorables.
- b) Ao saír do garaxe.
- c) En adiantamentos en autovías
- d) En condicións meteorolóxicas desfavorables.

**52. Está o condutor obrigado a indicar ao tacógrafo a actividade que realiza en cada momento?**

- a) Si, pero só se realiza outros traballos.
- b) Si, pero só para indicar descanso.
- c) Non está obrigado.
- d) Si, debe utilizar o selector de actividade para cada cambio que sexa necesario.

**53. A bomba de refrixeración serve para activar a circulación do líquido refrixerante entre o radiador e o...**

- a) bloque motor.
- b) termostato, sen pasar por outro elemento intermedio.
- c) cárter, sen pasar por outro elemento intermedio.
- d) vaso de expansión.

**54. Cal é a principal finalidade dos elementos de seguridade pasiva dun vehículo?**

- a) Diminuír os danos causados por un accidente no vehículo.
- b) Evitar que se produza un accidente.
- c) Diminuír os danos causados por un accidente nas persoas.
- d) Reparar as avarías sufridas polo vehículo canto antes.

**55. Cal é a unidade de medida máis comunmente utilizada para medir a potencia máxima do motor dun automóbil?**

- a) Quilowatts (kW).
- b) Watios (w).
- c) Megawatts (ms).
- d) Voltios.

**56. Cal non é unha norma para atender un cliente que presenta unha reclamación?**

- a) Rexeitar a reclamación se se pensa que é correcta.
- b) Non interromper, escoitar.
- c) Non discutir senón informar.
- d) Non evadir a reclamación.



# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**57. Cal non é un documento necesario para un condutor profesional?**

- a) O libro de roteiro en transporte escolar non internacional.
- b) O permiso de conducir.
- c) A tarxeta de tacógrafo dixital.
- d) O certificado de condutor extracomunitario, se é o caso.

**58. De que maneira pode afectar a calor á nosa condución?**

- a) Incrementando a fatiga e o cansazo.
- b) Aparecendo con máis frecuencia episodios de soño.
- c) Aumentando da agresividade.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**59. O retardador hidráulico é compatible co sistema ABS de freos?**

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só por velocidades por baixo de 100 Km /hora.
- d) Só por velocidades por encima de 100 Km /hora.

**60. O Certificado de Aptitude Profesional é necesario para conducir algún dos seguintes autobuses ou autocares.**

- a) Aqueles cuxa velocidade máxima autorizada supere 45 quilómetros por hora.
- b) Os que se utilicen en situacións de emerxencia ou misións de salvamento.
- c) Os que se usen para clases na obtención do permiso de conducir ou do propio Certificado de Aptitude Profesional.
- d) Os que se estean probando para fins de mellora técnica.

**61. Por que é necesario extraer os gases queimados no proceso de combustión?**

- a) Para que non se superen certas temperaturas que poderían danar o motor.
- b) Para evitar as dilatacións excesivas das pezas do motor.
- c) Para fornecer novo aire e carburante ao motor co fin de obter unha forza continua no motor.
- d) Para diminuír a suciedade e o ruído dos gases queimados.

**62. Se, ao coroar unha pendente, o motor vai esgotándose, que debe facer?**

- a) Levantar o pé do pedal acelerador para que o motor non se afogue.
- b) Pisar o pedal de embrague para que o disco de embrague patine un pouco e así poder coroar a pendente.
- c) Cambiar de velocidade a outra máis curta ou reducida.
- d) Cambiar o embrague porque patina

**63. A que se denomina talón dun pneumático?**

- a) Á zona de contacto do pneumático co chan.
- b) Á zona de unión do pneumático coa lamia.
- c) Á zona do pneumático onde vai suxeita a válvula.
- d) Á zona de unión do flanco coa banda de rodamento.

**64. A presión de inflado dos pneumáticos situados no interior e no exterior, en caso de montaxe en xemelgo, como debe ser?**

- a) Maior no interior, xa que sobre el recae, en maior medida, o peso do vehículo.
- b) Maior cando se circula por vías urbanas.
- c) Igual en ambos os pneumáticos.
- d) Igual no interior que no exterior, pero a parella dereita debe ter máis presión que a esquerda para compensar a curvatura da estrada.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**65. Que función teñen os purgadores ou válvulas de drenaxe situados na parte inferior dos depósitos de aire do sistema pneumático de freos?**

- a) Evacuar a auga dos depósitos.
- b) Facilitar o enchido dos depósitos.
- c) Conectar sistemas auxiliares.
- d) Comprobar o nivel.

**66. A presión de inflado do neumático, inflúe no consumo do vehículo?**

- a) Si, xa que se a presión é baixa aumenta o consumo.
- b) Si, xa que se a presión é baixa diminúe o consumo.
- c) Non, a presión de inflado só inflúe na adherencia.
- d) Non, a presión de inflado só inflúe no efecto amortiguador.

**67. Conducir na zona de revolucións de maior par motor, é conveniente como medida de aforro de carburante?**

- a) Si, porque nesa zona o consumo é menor.
- b) Non, porque nesa zona o consumo é maior.
- c) Esta circunstancia non inflúe no consumo, só inflúe na potencia.
- d) Esta circunstancia non inflúe no consumo, só inflúe na aceleración.

**68. Das seguintes actuacións, cal non está recollida de forma xeral no modelo de instrucións escritas para o caso dun accidente ou avaría que supoña a paralización do vehículo?**

- a) Evitar fontes de ignición.
- b) Informar os servizos de emerxencia apropiados.
- c) Acender un cigarro.
- d) Poñerse o chaleco fluorescente.

**69. Que función cumpre o debuxo da banda de rodamento dun pneumático?**

- a) Evitar o fenómeno fading.
- b) Evitar o aquaplaning.
- c) Evitar o fenómeno reinforced.
- d) Evitar o rebentón.

**70. Nun pneumático coa inscrición 235/80 R 22.5 150/145 S, o número 22.5 é unha medición expresada en...**

- a) milímetros.
- b) centímetros.
- c) polgadas.
- d) quilogramos.

**71. Os ralentizadores evitan o fenómeno fading porque:**

- a) refrixeran as zapatas evitando o seu quecemento.
- b) refrixeran as pastillas evitando o seu quecemento.
- c) reducen a velocidade do vehículo sen que exista rozamento entre as pezas do sistema de freado de servizo.
- d) reducen a velocidade do vehículo cortando a inxección de carburante.

**72. As funcións previstas para as Xuntas Arbitrais do Transporte serán exercidas en relación con:**

- a) calquera medio de transporte.
- b) os transportes terrestres.
- c) os transportes marítimos e por estrada.
- d) os transportes por estrada, unicamente.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**73. Como se pode comprobar o pulso dun ferido?**

- a) Poñendo os dedos nos nocellos.
- b) Por baixo do pescozo ata que se noten os latexados.
- c) Por baixo da súa orella ata que se noten os latexados.
- d) Poñendo os dedos na cadeira.

**74. No campo da capacidade auditiva, que dificultades poden sufrir as persoas maiores como condutores?**

- a) Dificultade para recoñecer e discriminar sons.
- b) Recoñecer de onde proveñen os ruídos.
- c) Aumento cuantitativo da audición.
- d) Ningunha, xa que coa idade estas capacidades aumentan

**75. Que se entende por condutor profesional?**

- a) Aquelas persoas que se dedican a correr en carreiras de coches.
- b) Aquelas persoas que se dedican a correr en carreiras de motos.
- c) Aquelas persoas que fan da condución o seu medio de vida.
- d) Aquelas persoas que soamente conducen vehículos pesados.

**76. Cando na identificación dunha lamia dunha roda aparece o signo ou símbolo "-", a que se refire?**

- a) Á forma da pestana.
- b) Á forma da base.
- c) Ao espesor da lamia.
- d) A que está formada por varias pezas.

**77. Que posición ocupa España entre os países da UE no número de accidentes mortais nos que o alcol está implicado?**

- a) Primeiro.
- b) Terceiro.
- c) Cuarto.
- d) Sétimo.

**78. Os flancos dun pneumático son as zonas da cuberta...**

- a) que máis se desgastan.
- b) que máis se quentan.
- c) que sofren máis esforzos de flexión e carga.
- d) que máis se quentan e desgástanse.

**79. Os vehículos motor que por construción non poden exceder a velocidade de 40 km/h, que sinalización deberán levar instalada na parte posterior?**

- a) Unha placa para vehículos que sobresaen.
- b) Unha placa de vehículo lento.
- c) Unha placa de limitación de velocidade.
- d) Un dispositivo de preseñalización de perigo.

**80. Cal é a causa dun desgaste concentrado nunha zona do pneumático?**

- a) O bloqueo por freada brusca.
- b) A falta de presión de inflado.
- c) A mala aliñación das rodas.
- d) A amortiguación en mal estado.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**81. O mínimo de horas consecutivas de descanso semanal é de:**

- a) 24 horas.
- b) 20 horas.
- c) 30 horas.
- d) 28 horas.

**82. Nun vehículo utilizado só para o servizo público en áreas urbanas, é obrigatorio o limitador de velocidade?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se o seu MMA é superior a 3,5 toneladas.
- d) Si, pero só se está matriculado a partir de 1-10-2001.

**83. Segundo o ADR, que clase de mercadorías perigosas pertencen á Clase 4.1?**

- a) Materias que ao contacto coa auga desprenden gases inflamables.
- b) Gases.
- c) Materias sólidas inflamables, materias autor reactivas e materias explosivas desensibilizadas sólidas.
- d) Materias que ao contacto coa auga desprenden gases inflamables.

**84. Que especialidades en carga/transporte a granel hai que ter en conta con mercadorías de Clase 5.1?**

- a) As mercadorías non poden entrar en contacto co aire.
- b) As mercadorías non poden entrar en contacto con madeira ou con calquera outro material incompatible.
- c) As mercadorías só poden entrar en contacto con madeira.
- d) As mercadorías só poden entrar en contacto con madeira desbacterizada.

**85. Está recoñecida a xordeira como enfermidade profesional na rama do transporte?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se afecta para conducir.
- d) Só se o afectado é maior de 60 anos.

**86. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros:**

- a) do sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- b) da montaxe de freos de disco.
- c) do mantemento do vehículo, a posición do pedal do acelerador e o estado no que se atope o filtro do aire.
- d) do tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.

**87. Para non aumentar o consumo de carburante, principalmente cando se circula por estrada, é conveniente...**

- a) manter os cristais dos portelos subidos.
- b) manter a agulla do contarrevolucións fóra da zona marcada de verde xa que esa é a zona de maior consumo.
- c) instalar aleróns que aumenten o coeficiente aerodinámico.
- d) a utilización da marcha redutora sempre que as condicións do tráfico o permitan.

**88. Conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule, que vantaxes presenta?**

- a) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.
- b) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- c) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) Maior confort na condución e menor consumo e contaminación ambiental.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**89. Os elementos de seguridade activa máis destacados nos vehículos son...**

- a) as rodas e os freos.
- b) as rodas dianteiras.
- c) os repousacabezas.
- d) os cintos de seguridade.

**90. Os problemas relacionados coa capacidade visual inciden directa e negativamente en...**

- a) o tempo de reacción.
- b) a fatiga.
- c) a capacidade de adaptación.
- d) Todas as respostas son correctas.

**91. Poderá procederse á inmovilización dun vehículo nunha inspección de transporte na estrada se:**

- a) o condutor supera nun 5% o límite de velocidade.
- b) falta o título habilitante para o transporte.
- c) o condutor colabora cos axentes encargados do control.
- d) Nunca pode procederse á inmovilización dun vehículo.

**92. O incumprimento polo transportista da obrigaçión de comprobar a validez e vixencia de pasaportes, títulos de viaxes ou visados de estranxeiros procedentes de fóra do Espazo Schengen, que sanción pode ter?**

- a) Multa de 3.000 a 5.000 euros por cada viaxeiro transportado.
- b) Multa de 10.000 a 15.000 euros por cada viaxeiro transportado.
- c) Un mínimo de 750.000 euros a tanto alzado, con independencia do número de viaxeiros transportados.
- d) Un mínimo de 1.000.000 de euros a tanto alzado, con independencia do número de viaxeiros transportados.

**93. Cal dos seguintes países non pertence ao denominado "Espazo Schengen"?**

- a) Marrocos.
- b) España.
- c) Suíza.
- d) Islandia.

**94. Cal dos seguintes filtros non existe nun vehículo?**

- a) O do aire.
- b) O do aceite.
- c) O do líquido de freos.
- d) O do carburante.

**95. Nos motores actuais, as válvulas atópanse situadas:**

- a) no bloque de cilindros.
- b) na culata.
- c) no cárter.
- d) no sistema de lubricación.

**96. A substitución dos aceites sintéticos deberá realizarse sempre:**

- a) cada 5.000 km.
- b) cada 10.000 km.
- c) cada 15.000 km.
- d) cunha frecuencia menor que os aceites minerais.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 16:30 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**97. Entre os compoñentes do retardador hidráulico está...**

- a) a válvula de catro vías.
- b) o rotor.
- c) a válvula de carga hidráulica.
- d) o calderín de refrixeración.

**98. Con que outro nome coñécese á testemuña que levan as cubertas dos pneumáticos para indicar o seu nivel de desgaste?**

- a) WEB.
- b) CAS.
- c) DEAS.
- d) TWI.

**99. Nunha empresa de transporte de mercadorías, realizar operacións ordinarias de contabilidade é función propia do:**

- a) comercial.
- b) administrativo.
- c) condutor.
- d) xefe de tráfico.

**100. Nun contrato de transporte suxeito ao Convenio CMR, o exercicio do dereito de disposición polo remitente esixe:**

- a) presentar o primeiro exemplar da carta de porte coas novas instrucións dadas ao transportista.
- b) presentar o segundo exemplar da carta de porte coas novas instrucións dadas ao transportista.
- c) presentar o terceiro exemplar da carta de porte coas novas instrucións dadas ao transportista.
- d) presentar o cuarto exemplar da carta de porte coas novas instrucións dadas ao transportista.

Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)

**101. Que é a carta de porte de mercadorías perigosas?**

- a) O tipo de contrato utilizado nos transportes de mercadorías perigosas.
- b) O documento que expide o cargador para o destinatario.
- c) É o documento que contén, entre outros datos, a descrición das mercadorías e a cantidade transportada.
- d) É o documento que debe cubrir o condutor para facerse cargo da mercadoría.

**102. En que casa ou apartado da declaración amigable de accidentes débese facer constar a data e a hora de accidente?**

- a) Na 1.
- b) Na 10.
- c) Na 11.
- d) Na 15.

**103. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, a cobertura do seguro de subscripción obrigatoria, alcanzará aos danos materiais ocasionados ao tomador do seguro?**

- a) Só cando o tomador non sexa o condutor do vehículo asegurado.
- b) Só cando o tomador non sexa á vez o asegurado.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Sempre estarán cubertos.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 08-09-2021 16:30 h

**103. Según la Ley de responsabilidad civil y seguro en la circulación de vehículo a motor, la cobertura del seguro de suscripción obligatoria, ¿alcanzará a los daños materiales ocasionados al tomador del seguro?**

- a) Sólo cuando el tomador no sea el conductor del vehículo asegurado.
- b) Sólo cuando el tomador no sea a la vez el asegurado.
- c) No, en ningún caso.
- d) Siempre estarán cubiertos.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 08-09-2021 16:30 h

Examen: Mercancías Modelo A

Lugar: Rua Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Duración: 120 MINUTOS

96. La sustitución de los aceites sintéticos deberá realizarse siempre:

- a) cada 5.000 km.
- b) cada 10.000 km.
- c) cada 15.000 km.
- d) con una frecuencia menor que los aceites minerales.

97. Entre los componentes del retardador hidráulico está...

- a) la válvula de cuatro vías.
- b) el rotor.
- c) la válvula de carga hidráulica.
- d) el calderín de refrigeración.

98. ¿Con qué otro nombre se conoce al testigo que llevan las cubiertas de los neumáticos para indicar su nivel de desgaste?

- a) WEB.
- b) CAS.
- c) DES.
- d) TWI.

99. En una empresa de transporte de mercancías, realizar operaciones ordinarias de contabilidad es

función propia del:

- a) comercial.
- b) administrativo.
- c) conductor.
- d) jefe de tráfico.

100. En un contrato de transporte sujeto al Convenio CMR, el ejercicio del derecho de disposición

por el remitente exige:

- a) presentar el primer ejemplar de la carta de porte con las nuevas instrucciones dadas al transportista.
- b) presentar el segundo ejemplar de la carta de porte con las nuevas instrucciones dadas al transportista.
- c) presentar el tercer ejemplar de la carta de porte con las nuevas instrucciones dadas al transportista.
- d) presentar el cuarto ejemplar de la carta de porte con las nuevas instrucciones dadas al transportista.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Qué es la carta de porte de mercancías peligrosas?

- a) El tipo de contrato utilizado en los transportes de mercancías peligrosas.
- b) El documento que expide el cargador para el destinatario.
- c) Es el documento que contiene, entre otros datos, la descripción de las mercancías y la cantidad transportada.
- d) Es el documento que debe cumplimentar el conductor para hacerse cargo de la mercancía.

102. ¿En qué casilla o apartado de la declaración amistosa de accidentes se debe hacer constar la fecha y la hora de accidente?

- a) En la 1.
- b) En la 10.
- c) En la 11.
